

EN OITO ANOS DE MANDATO, JAVIER BAS INCREMENTOU O GASTO CORRENTE DO CONCELLO EN 2,8 MILLÓNS DE EUROS, UN 24%!




Para cubrir ese aumento de gasto, o goberno do PP subiu impostos. No caso das plusvalías, con Bas ese imposto incrementouse nun 682%!, de 66.000€ a 520.000€!

O “catastrazo “ supuxo un aumento de recadación de máis de 300.000 euros no 2018.

A maioría dos investimentos en infraestruturas feitos durante o mandato de Bas realmente foron financiados con fondos conseguidos polo goberno anterior.

O candidato Javier Bas anda a presumir nesta campaña da súa xestión económica. Os datos parecen querer dicir xusto o contrario. Nestes oito anos de goberno de Bas os gastos correntes do Concello pasaron de 11.302.731,60 euros en 2011, primeiro ano de mandato de Bas, a 13.974.854,95 euros. Isto supón un aumento de 2.762.123,35 euros, un 23,6%.




A recadación por Plusvalías aumentou de media un 682%!

No ano 2011, cando Javier Bas chegou ao poder, a recadación polo imposto de plusvalías no Concello de Redondela era de 55.295,64 euros. No ano 2016, cobráronselle 858.523,38 euros á veciñanza de Redondela neste capítulo. A explicación deste aumento está na aplicación da ordenanza, que co goberno anterior non se facía. A aplicación desta ordenanza fíxose con carácter retroactivo de catro anos.


Dende o punto de vista de recadación, para Bas foi un choio, pois de media recadou 520.643,71 euros cada ano polas plusvalías, cando ata a aplicación desta ordenanza se recadaban de media uns 66.583,08 euros. Isto é un 682%.

Pero este choio acábase. Se se analiza a serie, esta “festa” de recadación durou dende o ano 2012 (198.860€) ata estar por enriba dos 600.000€ nos anos 2014 – 2015 – 2016 – 2017. A situación actual é: unha vez pasadas as declaracións afectadas pola “ordenanza fiscal do bipartito”, a recadación vai cara a normalidade, e así podemos ver como no ano 2018 a recadación por este concepto está en 225.445€.



O “catastrazo”: un “sablazo” de 300.000 euros para a veciñanza só nun ano.

O Imposto de Bens Inmóveis (IBI) sofre unha revisión no ano 2005 que empeza a ser efectiva no ano 2006. Esta revisión conleva unha **actualización dun 10% anual**. Co cal, Javier Bas incrementa a recadación ano a ano dende 2011 ata 2016 en que se estabiliza.



Ou sexa, a diferenza de ingresos por IBI entre o último orzamento pechado do bipartito e este último de Javier Bas, é de **un millón de euros**. Pero ademais, o “catastrazo” aínda enche máis as arcas municipais. Como se ve polo incremento de 2018: 310.568,70 euros máis que en 2017.

A herdanza recibida.

Javier Bas repite ata a saciedade que o goberno anterior deixou nun caixón facturas sen pagar. O que Bas non di é que o bipartito deixou bastante máis financiamento dispoñible que facturas pendentes, nin di que o PP desfrutou e gastou os créditos que pedira o bipartito.

O Marisma +, por exemplo, foi impulsado polo bipartito. Bas atópase cun proxecto para o que lle devolven un 80% da inversión e os cartos para executalo. Como exemplo podemos salientar os ingresos de 2015 a conta deste Marisma +: 2.385.086,17€. O cal quere dicir que dunha inversión de 2.981.357€ devolvéronnos eses 2.385.086€.

O máis triste desta situación é que teña que ser AER quen desenmascara esta falacia de gran xestor que é Javier Bas. Porque os que gobernaron antes parece que non se enteran. E iso que algún tivo responsabilidades económicas.

CONCLUSIÓNS

- A xestión económica de Javier Bas é máis que discutible: incrementou os ingresos de xeito excepcional (retroactividade das plusvalías, “catastrazo”) e aumentou ao mesmo ritmo o gasto. O problema é que os ingresos non se van repetir, pero os gastos, si!
- Fixo inversións gracias a programas que acadara o bipartito e que xa están esgotados. Aproveitou o proxecto europeo que lle devolveu o 80% do que se investiu.
- Javier Bas parece anunciar a multiplicación dos pans e dos peixes por arte de maxia, pero o que fixo foi **beneficiarse dunha carga impositiva á cidadanía en continuo incremento por un ou outro concepto**.
- Para nós, para AER, é fundamental unha análise seria e obxectiva, de tódalas cargas impositivas da cidadanía de Redondela antes de poñerse a proclamar baixadas de aquí ou de alá. Tratar de ver cales se poden baixar, e tamén cales deben subir.
- Isto debe ir acompañado dun plan de aforro nos gastos correntes ben definido e sustentable. Sen ocorrencias, con aforro enerxético (cun coste moi alto para o Concello) e cun aforro no modelo de subministracións e servizos contratados.
- En vez de facerse “compriñas”, deberíase ir acompañados das xefaturas de cada servizo, analizar costes fixos anuais e buscar aforro cun modelo de economía de escala.
- Do mesmo xeito, actuar con aqueles servizos repetitivos, buscando unha competencia libre e imparcial que permita aforros sen esquecer que as contratacións públicas deben colaborar cun sistema laboral xusto, con salarios dignos e condicións laborais de igualdade, conciliación e respecto. Todos estes aspectos deben ser considerados nos pregos de contratación, a Responsabilidade Social Corporativa, debe implantarse como un criterio máis de contratación.

Redondela, a 20 de maio de 2019